



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA SEIS DE MARZO DE 2025 CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Alcalde -Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ  
D<sup>a</sup>. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA  
D<sup>a</sup>. DIANA VARELA BARREIRO

Secretaria D<sup>a</sup>. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día seis de marzo de dous mil vinte e cinco baixo a Presidencia do Sr. Alcalde -Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (13/02/2025).**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trece de febreiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

**2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.**

2.1.- Instancia núm. 202499900000700 de Leiteira Pico Sacro, SCG (Expediente número 2024/U022/000021)

Dáse conta da citada instancia na que don Juan Manuel Hermida Vázquez, en representación de LEITEIRA PICO SACRO SCG, solicita licenza para obras de cambio de cuberta de edificación e adecuación de local para sala de reunións en edificación existente destinada a almacén de produtos agrícolas en Ramil - Sales (San Fins) (expediente núm.: 2024/U022/000021), en solo cualificado como “Solo rústico de protección ordinaria. R-1”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Juan Manuel Hermida Vázquez, en calidade de enxeñeiro técnico agrícola, e un presuposto de execución material de 37.613,48 euros.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 000899100NH43G.

Dáse conta tamén da comunicación remitida por Augas de Galicia do cumprimento da declaración responsable presentada. Expediente DH.W15.102599.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado/a. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Juan Manuel Hermida Vázquez, asinada con data do 17/09/2024 (proxecto e anexo), sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Non se afectará ningún elemento da vía ou do espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc..) que non foran autorizados polo concello.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito a vertedoiros autorizados.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación, así como de gas ou electricidade. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia coa comunicación de primeira utilización.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira utilización da edificación, achegando a documentación preceptiva.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): setecentos cincuenta e dous euros con vinte e sete céntimos (#752,27#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira utilización deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.2.- Instancia núm. 202599900000103 de UFD Distribución Electricidad S.A. (Expediente número m2025/U022/000001)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad S.A, solicita licenza para obras de novo tramo de liña de baixa tensión subterránea con inicio en PAS e final da CPM do solicitante, sendo a canalización total de 2 metros de lonxitude, con código SGD: 618525010011 en Os Muiños, 2 - Ribadulla (San Mamede) (expediente núm.: 2025/U022/000001), nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Antonio Javier Sabín Vázquez, en calidade de enxeñeiro industrial, cun orzamento provisional de 620,94 euros.

Dáse conta tamén da declaración responsable en Augas de Galicia, expediente DH.W15.106403, que, segundo o comunicado polo órgano autonómico, cumpre.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 23/01/2025, así como ao contido da autorización sectorial.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo. Ademais e de acordo co art. 3 do mesmo R.D. 1627/1997, se na obra interveñen máis dunha empresa ou traballadores autónomos, o promotor deberá nomear un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, informando ao concello e á autoridade laboral competente.

Os residuos derivados da obra deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito en vertedoiros apropiados, segundo proceda.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Cumprirase o RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no que lle sexa de aplicación.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección necesarias para evitar que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de que sexa necesario a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións adecuadas de seguridade e se é necesario desviar o tráfico peonil. Antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos do concello, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgarase por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo, teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación, acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.3.- Comunicación de cambio de titular de licenza de obra. (Expediente número 2025/U030/000001)

Dáse conta do expediente número 2025/U030/000001 de comunicación de cambio de titular da licenza de obra achegada por David Bouzón González no que dá conta do cambio de titular, ao seu nome, da seguinte licenza:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



NÚMERO LICENZA	2010/U008/000011
DATA LICENZA	21/09/2010
LOCALIZACIÓN PARCELA	Bazar – Trobe (San Andrés)
REFERENCIA CATASTRAL	15090A505016380000AB
DESCRICIÓN OBRA	CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, tendo en conta o disposto, entre outros, no artigo 288.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e o artigo 13.1 Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, toma coñecemento da mencionada comunicación de cambio de titularidade de licenza de obra nos termos do declarado polo interesado e da documentación achegada.

2.4.- Instancia núm. 202499900001330 de Juan Carlos Torres Penas. (Expediente número 2024/U022/000039)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para obras de construción de alpendre, de 50,00 m<sup>2</sup> construídos, para almacenaxe agrícola e aloxamento equino en Trasariz de Abaixo, 11 - Vedra (expediente núm.: 2024/U022/000039), en solo cualificado como “Solo rústico de especial protección agropecuaria. R-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Jorge Vales Fernández, en calidade de arquitecto, e un presuposto de execución material de 19.962,78 euros.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090D50200088.

Dáse conta tamén do informe favorable emitido polo Departamento Territorial de A Coruña da Consellería do Medio Rural, expediente: Ref. : 2025/28083.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado/a. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Jorge Vales Fernández, de data 05/12/2024, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Non se afectará ningún elemento da vía ou do espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc..) que non foran autorizados polo concello.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito a vertedoiros autorizados.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): Trescentos noventa e nove euros con vinte e seis céntimos (#399,26#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente.

2.5.- Instancia de Compractivo e Inversores, S.L. (Expediente municipal número 2023/U018/000007)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, representada por Purificación Junquera Enjamio, solicita licenza para parcelamento de finca, con referencia catastral 002102400NH43G en Viñogrande - Illobre (San Andrés) en cinco parcelas resultantes e unha parcela para regularización da vía de 275,65 m<sup>2</sup>, nos termos da documentación técnica achegada asinada por M<sup>a</sup> Raquel Pereira Ponte en calidade de arquitecta técnica e de data 23/01/2025.

Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. Expediente: 1476/23, debendo darse cumprimento ao resolto na mesma.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Dos núcleos rurais (N-1) e Solo rústico de especial protección agrícola (R-2).





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada no lugar de Viño grande - Illobre (San Andrés), nos termos da documentación técnica achegada e sinalada no primeiro parágrafo deste acordo.

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión para a regularización da vía nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 04, de 275,65 m<sup>2</sup> e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.6.- Comunicación de obra de don Juan Carlos Sánchez Moure. (Expediente número 2025/U026/000007)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Juan Carlos Sánchez Moure para acondicionamento de planta baixa de edificación como vivenda de uso turístico nos termos da documentación técnica achegada asinada por Santiago Rodríguez Alcalá en calidade de arquitecto.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000700800NH43D, emprazada en Neira de Arriba, 14 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como de Expansión dos núcleos rurais. (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setecentos dez euros (#710,00#).

2.7.- Declaración responsable inicio de actividade de adega de elaboración de viño. (Expediente número 2025/U019/000001)

Dáse conta da declaración responsable achegada por SAT EGAPOR, representada por Francisco Valdés Pereiras, xunto coa que se achega documentación técnica asinada por Rafael Señarís González en calidade de enxeñeiro técnico agrícola, para a actividade de adega de elaboración de viño, en Chaos, 2 - Ribadulla (San Mamede), neste termo municipal. Expediente municipal número: 2025/U019/000001.

Dáse conta tamén do expediente 2023/U022/000041 de licenza para rehabilitación de edificación para adega de elaboración de viño para a que se concedeu licenza con data 27/03/2024.

Visto o disposto na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos e demais de aplicación

A Xunta de Goberno Local acorda:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



1º.- Tomar coñecemento do inicio da actividade de adega de elaboración de viño en Chaos, 2 - Ribadulla (San Mamede), neste termo municipal, denominada comercialmente “Adega Chaos”, nos termos declarados por SAT EGAPOR e conforme á documentación achegada e que consta no expediente.

2º.- Aprobar, conforme ao disposto na Ordenanza fiscal número 8 reguladora da taxa por licenza de apertura de establecemento, a liquidación das taxas correspondentes que ascenden á cantidade de catrocentos euros (#400,00#).

2.8.- Comunicación de obra de don Manuel Oliveira Fernández. (Expediente número 2025/U026/000006)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Jesús Oliveira Fernández para renovación de cuberta de edificación, aproximadamente 45 m<sup>2</sup> en planta, consistente en retirar a tella existente e colocar nova tella tipo vera.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001200800NH43F, emprazada en Socastro, 24 - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.9.- Comunicación de obra de don Mario Mougán Valdés. (Expediente número 2025/U026/000003)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Mario Mougán Valdés para instalación de alpendre de lona de 14x25 metros, nos termos da documentación técnica achegada asinada por José Ramón González Rodríguez, en calidade de enxeñeiro técnico agrícola, e de data febreiro/2025 .

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000301000NH43E, emprazada en Fufin, 3 - Vedra, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agropecuaria, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincocentos euros con trinta e catro céntimos (#500,34#).





**3º.- Acordo, se procede, do recoñecemento do dereito de redución da cota tributaria da taxa de recollida de lixo no padrón fiscal do exercicio 2025**

En relación coa *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública*, regulada pola Ordenanza fiscal núm. 12 (BOP núm. 5 do 08.01.2004) modificada por acordo plenario de data 26/10/2023 (BOP núm. 243 do 22.12.2023), e coa formación do Padrón Fiscal do vixente exercicio 2024, polo que respecta ás *reducións na aplicación da tarifa correspondente á prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario* (Expediente número 2025/X999/000006).

Dáse conta do expediente de xestión tributaria instruído a iniciativa dos Servizos Sociais municipais para o recoñecemento do *dereito de redución da cota tributaria* aos contribuíntes, propietarios de vivendas, identificados e relacionados no Anexo que obra no expediente, previa solicitude por parte dos mesmos.

No expediente constan os seguintes informes favorables:

- O informe da Traballadora Social, do 27/02/2025, no que se manifesta que os citados propietarios cumpren os requisitos esixidos no artigo 8.1 da Ordenanza, dado que os ingresos anuais totais da unidade familiar non superan o IPREM vixente, correspondéndolle a cada un dos titulares relacionados unha redución do 50% (9 contribuíntes) da cota tributaria.
- O preceptivo informe de Secretaría- Intervención, de data 28/02/2025, acreditativo de que todos os solicitantes se encontran ao corrente no pago da taxa e demais obrigas tributarias municipais e do importe da cota tributaria vixente para o actual exercicio, así como da contía da minoración no importe total do padrón fiscal (367,52 euros), no suposto do recoñecemento das reducións solicitadas.

Visto o expediente; en función dos citados informes, da proposta de Secretaría formulada con data 28/02/2025 e da delegación feita polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 18/02/2015, en relación co establecido no parágrafo segundo do artigo 8.1 da Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

**Primeiro:** Que se recoñeza o dereito de redución da cota tributaria solicitado polos citados contribuíntes, que ascenden a un total de nove (Anexo I)

**Segundo:** Que no padrón fiscal que se forme para o actual exercicio 2025, a liquidación correspondente a cada unha das 9 vivendas que se relacionan no Anexo citado se practique polo importe de 40,84 euros; o que supón a redución do cincuenta por cento da cota tributaria anual vixente de 81,67 euros por vivenda, así como *unha minoración no importe total do citado padrón fiscal que ascende á cantidade de 367,52 euros*.

**4º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia.**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía dos meses de xaneiro e febreiro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
1	03/01/2025	Alta Saf –Libre concorrencia de ACN
2	07/01/2025	Ampliación intensidade Saf –Libre concorrencia á AGR
3	08/01/2025	Aprobación Plan de seguridade e saúde da obra de Ampliación da rede de abastecemento a Picón (Vilanova (POS + Adicional 2/2024)



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



4	08/01/2025	Contratación axudante de recollida de lixo para a cobertura de días de permiso do persoal titular
5	08/01/2025	Adxudicación contrato menor de servizo de facturación dos recibos do servizo de abastecemento de auga (Ex. 2025/C002/000001)
6	08/01/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF-Libre concorrencia correspondente ao mes de decembro de 2024
7	08/01/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF- Dependencia correspondente ao mes de decembro de 2024
8	08/01/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, concepto de comedor, correspondente ao mes de decembro de 2024
9	08/01/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, días soltos de ludoteca e madrugadores, correspondente ao mes de decembro de 2024
10	09/01/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria da actividade de inglés correspondente ao mes de xaneiro
11	09/01/2025	Aprobación liquidación da taxa a Construcciones y Obras Taboada Ramos SLU pola formalización do contrato de Reforma de camiños en Texo, Caxaraville e O Pumariño (POS +2023)
12	09/01/2025	Aprobación liquidación da taxa a Construcciones y Obras Taboada Ramos SLU pola prestación dos servizos de dirección de obra, control de calidade e coordinación en materia de seguridade e saúde do contrato de Reforma de camiños en Texo, Caxaraville e O Pumariño (POS +2023)
13	09/01/2025	Aprobación liquidación da taxa a Cosmalca, S.L pola formalización do contrato de Ampliación da rede de abastecemento a Picón (Vilanova) (POS + Adicional 2/2024)
14	09/01/2025	Aprobación liquidación da taxa a Cosmalca S.L pola prestación dos servizos de dirección de obra, control de calidade e coordinación en materia de seguridade e saúde do contrato de Ampliación da rede de abastecemento a Picón (Vilanova) (POS + Adicional 2/2024)
15	09/01/2025	Aprobación da proposta da comisión de selección de candidato que superou a fase de oposición da praza de Técnico/a de xestión cultural e actividades
16	09/01/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación, correspondente ao mes de xaneiro
17	10/01/2025	Designación de coordinador de seguridade e saúde da obra de Reforma de Camiños en Texo, Caxaraville e O Pumariño (POS + 2023)
18	10/01/2025	Aprobación memoria e solicitude de subvención para implantación de recollidas separadas de biorresiduos (Fondos NexGenerationEU)
19	10/01/2025	Solicitude de subvención á Deputación Provincial para a realización de actividades de promoción económica durante o exercicio 2025
20	13/01/2025	Pago de axuda de emerxencia social concedida a RPF, unha vez xustificada
21	13/01/2025	Contratación de Manuel Gestoso Filloy para a substitución de traballador con dereito á reserva de posto de traballo, por situación



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		de IT.
22	13/01/2025	Solicitude de subvención á Deputación Provincial (PEL-Rede Coworking)
23	14/01/2025	Declarando a Iván García García como persoal laboral fixo (Técnico de xestión cultural e de actividades)
24	15/01/2025	Aprobación quilometraxe do persoal do Centro de Información á Muller (CIM) correspondente ao 4º trimestre de 2024
25	15/01/2025	Aprobación dotacións económicas aos grupos políticos municipais do 4º trimestre de 2024
26	15/01/2025	Aprobación indemnizacións aos membros da corporación do 4º trimestre de 2024
27	15/01/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 6 de Sobredo -Vilanova
28	15/01/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 7 de Cubelas – San Pedro de Sarandón
29	15/01/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 3 de Galegos -Vilanova
30	15/01/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo da taxa por rede de sumidoiros da vivenda núm. 3 de Galegos -Vilanova
31	15/01/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 10 de Afós – Santa Cruz de Ribadulla
32	15/01/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo da taxa por rede de sumidoiros da vivenda núm. 10 de Afós -Vilanova
33	16/01/2025	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
34	17/01/2025	Baixa no Programa Conxuga, modalidade ludoteca, de CPAM
35	17/01/2025	Aprobación cambio de epígrafe da taxa de recollida de lixo do inmovible sito en Chaos núm. 3 – San Mamede de Ribadulla
36	20/01/2025	Aprobación memoria e solicitude de subvención para actuación de corrección de impactos paisaxísticos (pintura da Casa do Concello)
37	20/01/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 18 de Ponte Ulla – Ponte Ulla
38	20/01/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo da taxa por rede de sumidoiros da vivenda núm. 18 de Ponte Ulla – Ponte Ulla
39	20/01/2025	Expediente de limpeza de fincas en Rosende –San Cristovo de Merín
40	20/01/2025	Aprobación baixa no padrón da taxa de recollida de lixo e sumidoiros de inmovible sito no núm. 6-3º de Vista Alegre –Ponte Ulla, a pedimento da Deputación
41	20/01/2025	Aprobación liquidacións e alta no padrón fiscal da taxa de recollida de lixo e por rede de sumidoiros do inmovible sito no núm. 6 -3º de Vista Alegre –Ponte Ulla
42	22/01/2025	Aprobación plan de seguridade e saúde da obra de Reforma de camiños en Texo, Caxaraville e O Pumariño (POS +2023)
43	22/01/2025	Baixa no SAF, libre concorrencia por inclusión na modalidade de dependencia de MDBB
44	22/01/2025	Baixa no SAF, libre concorrencia por inclusión na modalidade de dependencia de FIQ
45	22/01/2025	Aprobación da autoliquidación do canon da auga do 3º cuadrimestre 2024
46	22/01/2025	Aprobación do padrón fiscal da taxa por abastecemento de auga do 4º trimestre de 2024



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



47	23/01/2025	Concesión de axuda de emerxencia social a MMS
48	23/01/2025	Imposición de multa coercitiva por incumprimento de orde de demolición de peche de parcela en Cumbraos, 8 -Vilanova
49	23/01/2025	Solicitude a Sogama da redución do canon unitario por tratamento de residuos do ano 2025, de conformidade co apartado tres bis da Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, na modificación operada polo artigo 35 da Lei 5/2024, do 27 de decembro.
50	24/01/2025	Aprobación e orde de pagamento das nóminas correspondentes ao mes de xaneiro
51	24/01/2025	Adhesión ao convenio de colaboración entre a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Fegamp para facilitarlle ás entidades locais a cesión gratuíta temporal de diversos espazos na Cidade da Cultura
52	24/01/2025	Expediente de requirimento de xestión de biomasa en Laraño –San Xián de Sales
53	28/01/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a primas de seguros incluídos na relación de facturas F.2025.1 por importe de 13.143,80 euros
54	29/01/2025	Prórroga do contrato de traballo da monitora de ludoteca Andrea Aris Couso de 3 meses, quen poderá ser obxecto de financiamento a través do Plan Corresponsables 2025.
55	29/01/2025	Concesión das axudas ao estudo do concello de Vedra e aprobación xustificación das mesmas
56	30/01/2025	Aprobación da taxa para solicitude de autorización da obra de Ampliación da rede de saneamento en Paradela (POS + 2025. Complementario)
57	30/01/2025	Aprobación reintegro do importe non xustificado da subvención concedida para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA por importe de 973,46 euros
58	31/01/2025	Aprobación da factura vinculada ao seguro de responsabilidade civil xeral por importe de 7.521,30 euros
59	31/01/2025	Aprobación do proxecto de reurbanización da vía de acceso á igrexa de Santa María Magdalena de Ponte Ulla, incluída no Eixe 2.1. Mobilidade Sostible do PSTD Terras de Santiago, financiado con fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (NexGenerationEU), redactado polo arquitecto Fermín González Blanco, un orzamento de 89.999,80 euros
60	03/02/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
61	03/02/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
62	03/02/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 27 de Cimadevila – San Miguel de Sarandón
63	03/02/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de ximnasio correspondente ao 2º cuadrimestre da tempada 2024/2025
64	03/02/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de inglés correspondente ao mes de febreiro
65	03/02/2025	Aprobación conta xustificativa e toma de razón en contabilidade da subvención concedida pola Deputación Provincial para actividades de promoción económica



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



66	03/02/2025	Aprobación modificación de créditos nº 1/2025 na modalidade de incorporación de remanentes de créditos para gastos con financiamento afectado
67	03/02/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, correspondente ao mes de febreiro
68	03/02/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade madrugadores, correspondente ao mes de febreiro
69	04/02/2025	Cumprimento de trienios de persoal municipal
70	04/02/2025	Cumprimento de trienios de persoal municipal
71	04/02/2025	Acordando a non división en lotes da obra de Reforma de camiños en Sales, Sarandón , Vilanova e aparcadoiro en Ponte Ulla (POS +2025), de acordo coas bases reguladoras do Plan.
72	04/02/2025	Alta Saf –Libre concorrencia de SML
73	05/02/2025	Acordando a non división en lotes da obra de Reforma de camiños en Illobre, San Miguel e San Mamede (POS +2025. Complementario), de acordo coas bases reguladoras do Plan.
74	05/02/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 4 de Dozar – San Miguel de Sarandón
75	06/02/2025	Solicitude de subvención á Xunta para actividades de voluntariado xuvenil durante o exercicio 2025
76	06/02/2025	Solicitude de subvención para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural vinculados co proxecto piloto Talento interxeracional no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2025 (Programa de Voluntariado Interxeracional no Medio Rural “Entretempos-Raíces de Vedra” )
77	06/02/2025	Aprobación recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2025 para a aplicación ao orzamento 2025 e pagamento de xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídas na relación de facturas F.2025.2 por importe de 81.417,28 euros
78	07/02/2025	Aprobación altas no padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2025
79	07/02/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de local no Centro de Emprendemento A Estación, correspondente ao mes de febreiro
80	07/02/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, días soltos de ludoteca e madrugadores, correspondente ao mes de xaneiro
81	07/02/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, concepto de comedor, correspondente ao mes de xaneiro
82	07/02/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF-libre concorrencia correspondente ao mes de xaneiro
83	07/02/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF- dependencia correspondente ao mes de xaneiro
84	10/02/2025	Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade e dificultades de mobilidade (nº 181- SRT)
85	10/02/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
86	11/02/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 58 de Nande – San Fins de Sales





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



87	11/02/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 3 de Cumbraos – San Pedro de Vilanova
88	11/02/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 10 de Sales – San Fins de Sales
89	12/02/2025	Delegación especial a favor do concelleiro don José A. Pose para a celebración de matrimonio civil o 22.01.2025
90	13/02/2025	Solicitud de subvención á Consellería de Política Social e Igualdade destinada ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero para un posto de oficial de segunda xardineira
91	13/02/2025	Aprobación modificación factura do servizo de abastecemento de auga do 4º trimestre correspondente á vivenda núm. 9 de Ponte Ulla
92	13/02/2025	Aprobación convenio interadministrativo co Concello de Boqueixón en materia de xuventude e voluntariado
93	14/02/2025	Altas no Padrón fiscal da taxa de recollida de lixo do exercicio 2025
94	14/02/2025	Altas no padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2025
95	14/02/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 22 de Marzán de Abaixo – Vedra
96	18/02/2025	Aprobación e orde de pagamento da taxa para autorización para a obra de Reforma de camiños en Sales, Sarandón, Vilanova e aparcadoiro en Ponte Ulla (POS +2025)
97	18/02/2025	Aprobación e orde de pagamento da taxa para autorización para a obra de Reforma de camiños en Illobre, San Miguel e San Mamede (POS +2025. Complementario)
98	19/02/2025	Delegación da Alcaldía no 1º Tenente de Alcalde, don Manuel Costa Carneiro, do 10 -14 /03/2025 con motivo da viaxe institucional ás Azores
99	20/02/2025	Aprobación convenio interadministrativo entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vedra para a reforma do Centro de Saúde de Vedra
100	21/02/2025	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e o CPI Plurilingüe de Vedra prevista no orzamento
101	21/02/2025	Expediente de xestión de biomasa en parcela sita en Corbeixe – San Mamede
102	21/02/2025	Aprobación e orde de pagamento ao Concello de Boqueixón da parte imputable correspondente aos custos de persoal do Centro de Información á Muller (CIM), anualidade 2024
103	21/02/2025	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e a Asociación Medioambiental Amabul prevista no orzamento
104	24/02/2025	Aprobación e orde de pagamento das taxas por ocupación do dominio público ferroviario correspondentes aos anos 2021 a 2024
105	24/02/2025	Reintegro importe non xustificado en relación coa subvención concedida para a contratación de persoal temporal para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural 2020), por importe de 113,42 euros
106	24/02/2025	Aprobación proxecto de Obras na pista polideportiva de Paradela (San Xián de Sales) e solicitud de subvención á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ao abeiro da Orde do 14.01.2025





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		(DOG nº 18/25, do 28 de xaneiro)
107	25/02/2025	Concesión de axuda de emerxencia social a ABA
108	25/02/2025	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e a Asociación Galega para a Axuda de Enfermos con demencia tipo alzhéimer (AGADEA) prevista no orzamento
109	25/02/2025	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o Concello de Vedra e as Escolas Deportivas Vedra –Boqueixón prevista no orzamento
110	25/02/2025	Aprobación e orde de pagamento das nóminas correspondentes ao mes de febreiro
111	25/02/2025	Aprobación e orde de pagamento das indemnizacións ao persoal externo vinculadas á participación no tribunal da praza de técnico/a de xestión cultural e actividades
112	25/02/2025	Aprobación proxecto de Mellora de camiño en O Burgo (Vedra) e solicitude de participación no Plan Camiña Rural 2025/2026 (DOG núm. 19/25, do 29 de xaneiro)
113	26/02/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 4 de Pousada de Abaixo –Vedra
114	26/02/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de actividades da terceira idade, concepto matricula anual e 2º trimestre curso
115	26/02/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo da taxa de recollida de lixo e tarifa local baleiro do inmobile sito no núm. 7 de Ponte Ulla – Ponte Ulla
116	27/02/2025	Aprobación memoria e solicitude de subvención para a promoción da igualdade (Programa FSE + Galicia 2021-2027) para o ano 2025
117	27/02/2025	Alta no padrón fiscal da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 7 de Ponte Ulla –Ponte Ulla
118	27/02/2025	Alta no padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros da vivenda núm. 7 de Ponte Ulla –Ponte Ulla
119	27/02/2025	Aprobación cambio de titularidade recibo da taxa por rede de sumidoiros e tarifa local baleiro do inmobile sito no núm. 7 de Ponte Ulla – Ponte Ulla
120	27/02/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de inglés correspondente ao mes de marzo
121	27/02/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de actividades deportivas correspondentes ao 2º cuadrimestre da tempada 2024/2025
122	27/02/2025	Aprobación liquidación do orzamento do exercicio 2024
123	27/02/2025	Alta no SAF –Libre concorrencia de CIML
124	28/02/2025	Aprobación das condicións para a concertación dunha operación de crédito a curto prazo (póliza) por importe de 300.000 euros e prazo dun ano
125	28/02/2025	Baixa no SAF-libre concorrencia por inclusión na modalidade de dependencia de ACT
126	28/02/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2025.1 por importe de 13.143,80 euros
127	28/02/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración de enerxía eléctrica incluídos na relación de facturas F.2025.4 por importe de 1.965,02 euros



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



128	28/02/2025	Alta no servizo de comedor e cambio de xornada na EIM de VFI
129	28/02/2025	Adxudicación como contrato menor da obra de colocación de grampas nos lucernarios do Pavillón Polideportivo (Ex. 2025/C002/000002)

A Xunta de Goberno dáse por informada.

### 5.- . Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte minutos.

Asdo. A Secretaria : Mercedes Pereiras Caldelas

Asdo. O Alcalde: Carlos Martínez Carrillo



**ANEXO I**  
**CONTRIBUÍNTES CON DEREITO AO RECOÑECIMENTO**  
**DA REDUCIÓN DA COTA TRIBUTARIA**

<b>Solicitante e titular da vivenda NIF</b>	<b>Condición que ostenta</b>	<b>Porcentaxe da redución</b>	<b>Situación da vivenda</b>
C. I. M. L. 33****65Q	Pensionista	50%	Castro, 31 – Ponte Ulla
R. F. F. 33****71N	Pensionista	50%	Fraiz, 1 – San Mamede
N. A. A. 76****11J	Pensionista	50%	Cimadevila, 23 – San Miguel de Sarandón
M. T. C. R. 33****01W	Pensionista	50%	Ponte Ulla, 8 – 2º- Ponte Ulla
M. V. F. C. 76****49P	Pensionista	50%	Ponte Ulla, 14 – Ponte Ulla
M. C. C. 52****72V (P.F 2022 –Herederos Mª C. C. R. 33****38G – falecida en 2019)	Pensionista	50%	Vilar, 11 - Vilanova
F. E. F. 76****84H	Pensionista	50%	Prumadelos, 2 - Illobre
J. C. C. 76****47F	Pensionista	50%	San Pedro, 9 – San Pedro
L. S. M. 76****33S	Pensionista	50%	Texo, 10 – San Fins